

## Memoria Dinamización, mostra e impulso de iniciativas socioeducativas

### Concello de Covelo 2024

#### XUSTIFICACIÓN

Como explicamos ano tras ano inténtase apostar pola agricultura, a gandería, a natureza e a artesanía como modos de vida. Comezamos no 2016 co programa de hortas ecolóxicas como iniciativa a longo prazo de dinamización comunitaria. Iniciativa coa que se procura que se utilicen recursos propios e que nos sirvan para aprender técnicas, aptitudes e actitudes, valores e habilidades necesarias para unha inserción tanto laboral como social. O programa de hortas ecolóxicas 2017 concluíu cun grupo de traballo sobre iniciativas de emprendemento no rural.

Por falta de seguridade económica non xurdiu ningunha cooperativa ou empresa pero é un reto que intentamos conseguir, por iso seguimos co grupo de traballo de emprendemento rural en busca de ideas para desenvolver unha alternativa viable de auto-emprego. Os pequenos concellos rurais queremos apostar por apoiar modos de vida que aproveiten os nosos recursos e dinamizar o noso pobo para crear oportunidades para novas familias. Seguindo na mesma liña que anos anteriores de aproveitamento de recursos, agricultura ecolóxica...pretendemos continuar coa formación neste sentido e mostrando as diferentes iniciativas de asociacións e de pequenas empresas que se desenvolven no rural así como a venta directa que esperamos chegue a ser un proxecto de emprendemento.

O ano 2018 foi o ano de comezar a visibilizar o traballo realizado e de que persoas participantes puideran sacar algunha rendibilidade o seu traballo amparados no Decreto 125/2014 do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venta directa de produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final que nos da unha oportunidade de visibilizar o que se fixo ata agora xunto con outras iniciativas de emprendemento, culturais, sociais.... De esta forma, o visibilizar o traballo feito impulsouse a concorrencia e viabilidade do sector primario e alimentario e o desenvolvemento sostible do medio rural ademais de incentivar a actividade económica e do emprego no medio rural, impulsando o desenvolvemento integral de zonas con risco de despoboamento. As persoas participantes puideron vender parte dos seus excedentes nas mostras realizadas e facer contactos de posibles clientes calquera día.

No ano 2019 continuamos o impulso da venta directa xunto cunha programación para promover a cocina saudable con produtos de temporada e un servizo de transporte para para facilitar a mobilidade polas parroquias.

Fixéronse obradoiros de cociña en directo nas mesmas exposicións co fin de que as persoas aprendan a realizar cociña saudable cos produtos de temporada.

O ano 2020 pensouse en facer unhas mostras temáticas co fin de potenciar produtos nos que a fertilidade das terras, a auga e o clima reúnen as mellores condicións para o cultivo en Covelo. Pero o ano 2020 trincou moitas expectativas. Sen embargo, as mostras seguiron e aumentaron as persoas que queren expoñer os seus produtos, polo que seguimos co proxecto. O pasado ano 2021, coa mirada posta na situación sanitaria empezamos as mostras en abril



## Concello de Covelo

---

coa pretensión de facer unha comunidade fixa que se reuna os primeiros sábados de cada mes. Centramos a dinamización nos meses de primaveira e verán e según as condicións meteorolóxicas animamos as mostras con recursos locais. Cada vez son máis as persoas que se atreven a expor as súas actividades e as que se acercan a velas polo que, dende o Concello, aproveitamos as xornadas para facer actividades educativas como exposicións que neste ano concretamente foron sobre a reciclaxe, campaña Eu Podo de igualdade...

No ano 2022, a idea seguiuise formando a comunidade e que as persoas se achegaron a compartir as súas actividades e a potenciación de ese espazo e esas xornadas como lugar de aprendizaxe a través de diferentes exposicións, seguindo cos obradoiros de cociña de temporada...

Relacionado co obxectivo de favorecer o desenvolvemento sostible do medio rural, pensouse na idea de darlle novos usos as prendas e utensilios e potenciar o mercado de segunda man en sintonía coa idea das mostras de ser un referente en buscar alternativas ecolóxicas e dinamizadoras do rural.

No referente o cine de verán, seguimos con tres xornadas e as facemos en diferentes parroquias con fin de dinamizar toda a contorna xunto con outras actividades financiadas polo departamento de cultura do Concello.

Tamén comezamos as mostras dende febreiro ata decembro, con pequenas sesión vermú e dinamización según o permitan as condicións meteorolóxicas.

Este ano 2024 empezaremos dende febreiro. Os primeiros meses realizaranse pequenas sesións vermú para dinamizar as xornadas e, alguna actividade de sensibilización para as crianzas.

### OBXECTIVOS XERAIS

- Impulsar a competitividade e viabilidade do sector primario e alimentario.
- Favorecer o desenvolvemento sostible do medio rural.
- Incentivar a actividade económica e o emprego no medio rural.
- Formar unha comunidade de aprendizaxe e de traballo en rede.
- Dinamización das diferentes parroquias do Concello.
- Impulsar o desenvolvemento integral das parroquias.

### ACTIVIDADES

#### Proxecto mostra e impulso de iniciativas municipais de Covelo:

##### Mostras de produtos locais:

Debido a que valoramos positivamente as mostras realizadas os pasados anos, seguimos co proxecto. Trátase de facer unha mostra de produtos primarios de proximidade e das diferentes



## Concello de Covelo

---

iniciativas rurais que se desenvolvan no concello. Este ano, seguimos cos obradoiros de cociña nas mostras co fin de que as persoas aprendan a realizar cociña saudable cos produtos de temporada. Co fin de promover a actividade e de captar xente, seguirase coa sesión vermú con animación musical. Continuaremos realizando a actividade durante todo ano, debido a demanda das persoas participantes. Seguiremos os sábados e serán primeiros sábados dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro nos que nos centraremos na dinamización debido a que as condicións mereorolóxicas son máis propicias e é época de recolleira e hai máis excedentes, aínda que a climatoloxía poderá modificar estas datas. Nas xornadas que coincidan con temporada lectiva procuraremos a participación da comunidade escolar.

### Obxectivos :

- Visibilizar as iniciativas que se desenvolven no Concello de Covelo.
- Impulsar o emprendemento cos recursos do entorno.
- Crear unha rede participativa.

### Actividades xerais ( 4 mostras):

- Exposición e mostra das iniciativas
- Participación da comunidade escolar
- Obradoiros de cociña saudable con produtos de temporada
- Animación musical.
- Exposicións e actividades socioeducativas

### **Proxecto dinamización das parroquias de Covelo:**

Cine de Verán Grazas a boa acollida que tivo o cine o ano 2019 e 2020 e 2021 e 2022 e 2024 pretendemos continuar co fin de achegar o cine como unha forma de cultura a veciñanza e de fomentar un espazo de reunión. Este ano realizaremos 3 sesións durante os meses xullo e agosto de 2024 e continuarán realizándose en diferentes parroquias do Concello dado o bo recibimento que tivo esta diversificación de espazos pola veciñanza.

### Obxectivos :

- Achegar o cine a veciñanza
- Fomentar espazos de reunión disfrutando do entorno.

### **PERSOAS DESTINATARIAS**

- Poboación en xeral

### **METODOLOXÍA**

Empregarase unha metodoloxía activa e participativa aberta e flexible na que se implicará a todas as persoas activas no movemento asociativo do Concello, empresarial, persoal do Concello de Covelo, comunidade educativa e sanitaria....



## Concello de Covelo

Empregaremos unha metodoloxía adecuada as persoas participantes e baseada no auto-aprendizaxe e no traballo en equipo. Se trata de crear un clima de colaboración e cooperación cara construción de unas mostras prácticas, vistosas, visibles e viables. Creemos que é importante conseguir facer unha rede de traballo e que estas actividades sirvan para captar a atención e implicar a poboación e con este obxectivo seguimos traballando.

### TEMPORALIZACIÓN:

|                 |  |
|-----------------|--|
| <b>XANEIRO</b>  | Planificación, promoción, inscrición da Mostra   |
| <b>FEBREIRO</b> | Planificación, promoción, inscrición e realización da Mostra   |
| <b>MARZO</b>    | Planificación, promoción, inscrición e realización da Mostra   |
| <b>ABRIL</b>    | Planificación, promoción, inscrición e realización da Mostra   |
| <b>MAIO</b>     | Planificación, promoción, inscrición e realización da Mostra   |
| <b>XUÑO</b>     | Planificación, promoción, inscrición e realización da Mostra + obradoiros de cociña en directo e animación               |
| <b>XULLO</b>    | Planificación, promoción, inscrición e realización da Mostra + obradoiros de cociña en directo e animación Cine de verán |
| <b>AGOSTO</b>   | Planificación, promoción, inscrición e realización da Mostra + obradoiros de cociña en directo e animación Cine de verán |
| <b>SETEMBRO</b> | Planificación, promoción, inscrición e realización da Mostra + obradoiros de cociña en directo e animación               |
| <b>OUTUBRO</b>  | Planificación, promoción, inscrición e realización da Mostra   |
| <b>NOVEMBRO</b> | Planificación, promoción, inscrición e realización da Mostra   |
| <b>DECEMBRO</b> | Planificación, promoción, inscrición e realización da Mostra de nadal  |

\*\*\*\* As mostras realizaranse tódolos primeiros sábados de cada mes.

As animacións e obradoiros de dinamización suvencionados realizaranse , en principio, según as condicións metereolóxicas os primeiros sábados dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

Os outros meses intentaremos planificar actividades con recursos propios.

### RECURSOS RECURSOS MATERIAIS:

- Material non Funxible:
- Bolígrafos mesas, cadeiras
- Folletos Informativos
- Son
- Carteis publicidade
- Equipo de proxeccións
- Folios
- Ordenador



## Concello de Covelo

---

### RECURSOS HUMANOS:

- Educadora Social do Concello de Covelo, coordinadora do proxecto.
- Auxiliar Administrativa Servizos Sociais
- Concelleira de Cultura
- Persoal técnico que poderá contratarse externamente

### ORZAMENTO

|   | Neto             | IVE                    | IVE incluído |
|---|------------------|------------------------|--------------|
| Asistencia técnica para obradoiros e mostras. | 1.320.00 €       | 21% 277,20 €           | 1.597,20 €   |
| Animación musical.                            | 2.644,63 €       | 21% 555,37 €           | 3.200,00 €   |
| Cine de verán.                                | 2.340.00 €       | 21% 491,40 €           | 2.831,40 €   |
| <b>TOTAL</b>                                  | <b>7.628,6 €</b> | <b>( IVE incluído)</b> |              |

### AVALIACIÓN

Farase unha avaliación continuada baseada na observación e no acompañamento durante o proceso.

Covelo, a data que figura na marxe.

O Alcalde-Presidente

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

